

Concello de Monforte de Lemos

ACTA

Expediente nº	Órgano Colegiado
PLN/2025/3	O Pleno
DATOS DE CELEBRACIÓN DE LA SESIÓN	

Tipo **Convocatoria:**

Ordinaria

Fecha:

31 de marzo de 2025

Duración:

Desde las 20:00 hasta las 23:45

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida

por:

JOSÉ TOMÉ ROCA

Secretario:

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
	Nome e Apelidos	Asiste
	JOSÉ TOMÉ ROCA	SÍ
	IBAN TORRES RODRIGUEZ	SÍ
	GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ	SÍ
	JOSE LUIS LOSADA FERNÁNDEZ	SÍ
	MARIA PILAR ESPINOSA NOVELLE	SÍ
	MARINA MARIA DOUTON RAJO	SÍ
	JOSE MANUEL MOUGAN SOBREDO	SÍ
	REGINA LOPEZ ARIAS	SÍ
	GUILLERMO DIAZ AIRA	SÍ

Concello de Monforte de Lemos

	MARGARITA LÓPEZ RODRÍGUEZ	SÍ
	KATHERINIE VARELA FERNÁNDEZ	SÍ
	JOSE LUIS RODRÍGUEZ VARELA	SÍ
	MARIA LUISA VÁZQUEZ LÓPEZ	SÍ
	EMILIO IVAN VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	SÍ
	EMILIO JOSÉ SANCHEZ IGLESIAS	SÍ
	MANUEL LUACES FERNÁNDEZ	SÍ
	JAIME GERMÁN VÁZQUEZ PÉREZ	SÍ
	ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ	SÍ

Una vez verificada por el Secretario la válida constitución del órgano, el Presidente abre sesión, procediendo a la deliberación sobre los asuntos incluidos en el Orden del Día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 24 DE FEBREIRO DO 2025.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Apróbase por unanimidade a acta da sesión ordinaria de 24 de febreiro do 2025.

Intervencións:

[https://videoplenu-](https://videoplenu-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/0ts2sVH4ewtBDKo2kYlQwljOS04zhmjNDhrTf5nBBgNMioj6)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/0ts2sVH4ewtBDKo2kYlQwljOS04zhmjNDhrTf5nBBgNMioj6](https://videoplenu-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/0ts2sVH4ewtBDKo2kYlQwljOS04zhmjNDhrTf5nBBgNMioj6)

Expediente 2870/2025. Modificación de Créditos. Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 5.271.465,86 €	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Proposta de Modificación do Orzamento do Concello de Monforte 2025, vía Suplemento de Crédito.

Visto o informe de Intervención sobre modificación de crédito e demais documentación do expediente, é preciso dotar os correspondentes créditos mediante unha modificación de crédito consistente nun suplemento de crédito, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas nel, segundo consta na Memoria, propónse ao Pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

Concello de Monforte de Lemos

Vista a proposta de resolución PR/2025/1654 de 21 de marzo de 2025./ Vista la propuesta de resolución PR/2025/1654 de 21 de marzo de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría co dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete abastencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 5.271.465,86 €, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA			IMPORTE
011	91300	Débeda pública. Amortización de préstamo	1.594.320,17
133	22706	Ordenación tráfico e estacionamento. Estudios e traballos técnicos.	18.000,00
133	63300	Ordenación tráfico e estacionamento. Instalacións técnicas.	25.000,00
151	62200	Urbanismo. Edificios e outras construcións.	30.000,00
1532	61900	Vías públicas. Inv. de reposición en infraestruturas destinadas ó uso xeral.	600.000,00
1532	72000	Vías públicas. Transferencias de capital.	5.000,00
160	72109	Saneamento. Transferencias de capital.	378.164,06
165	60900	Alumeado público. Inv. en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral.	37.000,00
171	62700	Parques e xardíns. Proxectos complexos.	36.000,00

Concello de Monforte de Lemos

171	60900	Parques e xardíns. Inv. en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral.	300.000,00
171	61900	Parques e xardíns. Inv. de reposición en infraestruturas destinadas ó uso xeral.	384.000,00
171	62300	Parques e xardíns. Inv. Nova en Maquinaria, instalacións técnicas e ferramenta.	5.000,00
171	63300	Parques e xardíns. Inv. De reposición en Maquinaria, instalacións técnicas e ferramenta.	20.000,00
326	62200	Gardería. Edifícios e outras construcións	40.000,00
334	48007	Cultura. Transferencias correntes	6.000,00
337	62400	Instalacións culturais. Elementos de transporte.	16.500,00
337	21400	Instalacións culturais. Elementos de transporte.	6.000,00
337	62200	Instalacións culturais. Edifícios e outras construcións.	300.000,00
338	22699	Festexos. Gastos diversos.	150.000,00
341	48005	Deportes. Transferencias correntes.	15.000,00
341	48006	Deportes. Transferencias correntes.	6.000,00
342	63200	Instalacións deportivas. Edifícios e outras construcións.	300.000,00
342	22699	Deportes. Pagos pendentes de aplicar a orzamento derivados da intervención do contrato de xestión da piscina municipal en 2020	272.754,63
432	48002	Turismo. Transferencias correntes.	5.000,00
4411	22799	Transporte . Outros traballos.	51.000,00
454	61900	Camiños. Inv. de reposición en	300.000,00

Concello de Monforte de Lemos

		infraestruturas destinadas ó uso xeral.	
459	63200	Infraestruturas rurais.. Edifícios e outras construcións.	95.000,00
912	22601	Órganos de goberno. Atencións protocolarias e representativas.	10.000,00
920	22706	Admón. Xeral. Estudos e traballos técnicos.	215.727,00
920	62600	Admón. Xeral. Equipos para procesos de información.	29.281,40
920	62500	Admón. Xeral. Mobiliario.	5.718,60
932	22706	Admón. Xeral. Estudos e traballos técnicos.	15.000,00
		Total	5.271.465,86 €

FINANCIAMENTO:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	5.271.465,86 €

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/JFwBWC6Z6mij0Dxg6tRISvKQqo7RGmctRLaOudJ2l1kPZ7mS)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/JFwBWC6Z6mij0Dxg6tRISvKQqo7RGmctRLaOudJ2l1kPZ7mS](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/JFwBWC6Z6mij0Dxg6tRISvKQqo7RGmctRLaOudJ2l1kPZ7mS)

Expediente 2863/2025. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA DE TRANSPORTE DOS RESIDUOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E OUTROS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS ASINADO CON FCC MEDIO

Concello de Monforte de Lemos

AMBIENTE SA	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Contrato administrativo asinado en data 08/09/2010, con FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS SA. para a Xestión do servizo público de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios.

SEGUNDO.- Acordo da Xunta de goberno local, de data 31/05/2012, no que se designa como responsable do contrato a D. Juan Carlos Prado Díaz, Técnico municipal de medio ambiente.

TERCEIRO.- Acordo do Pleno da corporación, de data 24/09/2018, no que se autoriza a cesión do contrato sinalado á filial da concesionaria FCC MEDIO AMBIENTE SA (CIF A28541639). Dito acordo foi elevado a escritura pública de data 11.11.2018 con número de protocolo 2.520 ante o Notario D. Valerio Pérez de Madrid Carreras.

CUARTO.- Acordo do Pleno da corporación, de data 27/08/2020, no que se aproba a prórroga do contrato de Xestión do servizo público de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios asinado con FCC MEDIO AMBIENTE SA (CIF A28541639) por un período de 10 anos, con vixencia ata o 07.09.2030.

QUINTO.- Acordo do Pleno da corporación, de data 29/01/2024, no que se acorda a modificación do contrato de Xestión do servizo público de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios. Dito contrato ascendería a 2.144.717,60 €/ano e un prazo de vixencia ata o 07/09/2030.

SEXTO.- Informe do responsable do contrato, de data 21/03/2025, no que manifesta á necesidade da modificación do contrato vixente de xestión deste servizo público pola entrada en vigor da Lei 7/2022, nas condicións sinaladas.

SÉTIMO.- Estudo económico, de data 20/03/2025, no que se valora a aportación municipal para o desenvolvemento destes servizos adicionais en 85.189,34 € máis 8.518,93 correspondentes ao IVE, o que fai un total de **93.708,28 € anuais**.

OITAVO.- RC núm. 2025 22002985, do 20/03/2025, con cargo á partida orzamentaria 1622 22700, por importe de 70.281,18 €.

NOVENO.- Audiencia a FCC MEDIO AMBIENTE SA do expediente de modificación, ao que presta a súa conformidade en data 21/03/2025

DÉCIMO.- Informe xurídico, de data 21/03/2025

Concello de Monforte de Lemos

UNDÉCIMO.- Informe de fiscalización, de data 21/03/2025

Vista a proposta de resolución PR/2025/1660 de 21 de marzo de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 21 de marzo de 2025./ Vista la propuesta de resolución PR/2025/1660 de 21 de marzo de 2025 fiscalizada favorablemente con fecha de 21 de marzo de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete abastencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do contrato de Xestión do servizo público de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios asinado con FCC MEDIO AMBIENTE SA segundo as características recollidas na Memoria técnica e cun incremento anual de 93.708,28 €.

O contrato con FCC MEDIO AMBIENTE SA, con CIF A28541639, ascendería a **2.238.425,88 €/ano**, cun prazo de vixencia ata o 07.09.2030.

SEGUNDO.- Reaxustar a garantía correspondente ao contrato, de acordo ao recollido no artigo 87.3 da Lei 30/2007, de contratos do sector público.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto correspondente e asumir o compromiso de incluír o mesmo nos vindeiros orzamentos ata fin da vixencia contrato.

CUARTO.- Formalizar a presente modificación en documento administrativo

QUINTO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

SEXTO.- Trasladar o presente acordo aos servizos económicos e ao responsable do contrato.

SÉTIMO.- Publicar a modificación e formalización no Perfil do contratante.

Intervencións:

<https://videopleno->

monfortedelemos.deputacionlugo.org:443/s/vDhZlZf75ilcJbFFmXOILn8QC7z3BJj6K5rhMADYsJk24ja

Expediente 2794/2025. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ART .28 DOS ESTATUTOS DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS.	
--	--

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Concello de Monforte de Lemos

Feitos e fundamentos de dereito:

1º.- Os Estatutos do Instituto Municipal de Drogodependencias foron aprobados por acordo plenario de data 27 de setembro de 2021.

2º.- Ao obxecto de clarificar o sistema de pagos derivados da actividade do Instituto Municipal de Drogodependencias, coa finalidade de concretar a competencia para súa realización, procede engadir na súa xestión a intervención do/da Tesoureiro/a do Concello de Monforte de Lemos.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1563 de 18 de marzo de 2025./ Vista la propuesta de resolución PR/2025/1563 de 18 de marzo de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do BNG e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Mixto-Esperta Monforte.

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do art. 28 dos Estatutos do Instituto Municipal de Drogodependencias engadindo no procedemento da xestión dos pagos derivados da súa actividade a intervención do/da Tesoureiro/a do Concello de Monforte de Lemos, artigo que quedará redactado do xeito seguinte:

Art. 28. Os fondos do Instituto serán custodiados en contas correntes bancarias abertas a seu nome, que se determinen pola Presidencia. Para a disponibilidad de ditos fondos precisaránse as firmas do/da Presidente, do/da Interventor/a e do Tesoureiro/a.

SEGUNDO.- Someter o presente acordo a información pública e audiencia aos interesados, polo prazo de trinta días, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/MZAGyLXj1hYQzejlNr52CgFaiEfeJpGNHPUPntm3vzgNeNN8)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/MZAGyLXj1hYQzejlNr52CgFaiEfeJpGNHPUPntm3vzgNeNN8](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/MZAGyLXj1hYQzejlNr52CgFaiEfeJpGNHPUPntm3vzgNeNN8)

Expediente 2465/2025. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

ANTECEDENTES:

Concello de Monforte de Lemos

1º.- O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2022, procedeu á aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo con data 4 de novembro de 2022

2º.- O Pleno da Corporación, na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de decembro do 2022 prestou aprobación definitiva á Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias, coa súa descrición, valoración e fixación de complemento de destino, valoración do complemento específico, así como as fichas descritivas das funcións de cada un dos postos de traballo.

3º.- No B.O.P. de Lugo Núm. 298, do venres, 30 de decembro de 2022, publicouse a relación de postos de traballo de funcionarios e de persoal laboral.

4ª.- O Pleno da Corporación na súas sesións de 30 de xaneiro de 2024 e de 27 de marzo de 2024 prestou aprobación á corrección erros na Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos , publicada no BOP de Lugo nº 83, de data 12 de abril de 2023.

5º.- A Relación de postos de traballo é un documento dinámico que é preciso ir axustando á medida que se van producindo cambios na organización administrativa do Concello de Monforte de Lemos.

6º.- Con base no exposto é preciso proceder a realizar as seguintes modificacións:

- a) unha nova descrición de funcións e valoración da praza de enxeñeiro/a técnico industrial FAE08, con base no disposto na sentenza de 229/2023 contencioso 134/2023, de data 22/12/2023.
- b) unha valoración e descrición de funcións e características da praza de administrativo/a de administración xeral, adscrito/a á Alcaldía FAX24, que foi incluída no cadro de persoal do ano 2025.
- c) modificar a ficha descritiva do posto de Bibliotecaria/responsable do arquivo FAX07, que foi modificada no cadro de persoal do ano 2025
- d) engadir unha nova función ao posto de Técnico/administración xeral FAX05, para incluír a responsabilidade da xestión dos procedementos tramitados en materia de fondos europeos.

7º.- A proposta foi negociada na Mesa Xeral de Negociación na xuntanza celebrada o día 19 de marzo de 2025.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1642 de 20 de marzo de 2025./ Vista la propuesta de

Concello de Monforte de Lemos

resolución PR/2025/1642 de 20 de marzo de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, tres votos en contra dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

PRIMEIRO.- Aprobar unha nova valoración das funcións da praza de enxeñeiro/a técnico industrial FAE08, con modificación da ficha descritiva con base no disposto na sentenza de 229/2023 contencioso 134/2023, de data 22/12/2023 do xeito que figura no Anexo I da presente proposta.

SEGUNDO.- Aprobar unha valoración e descrición de funcións e características da praza de administrativo/a de administración xeral, adscrito/a á Alcaldía FAX24, que foi incluída no cadro de persoal do ano 2025, do xeito que figura como Anexo II á presente proposta.

TERCEIRO.- Aprobar a modificación da ficha descritiva do posto de Bibliotecaria/responsable do arquivo FAX07, que foi modificada no cadro de persoal do ano 2025, do xeito que figura como Anexo III á presente proposta.

CUARTO.- Aprobar a modificación da ficha descritiva do posto de Técnico/administración xeral FAX05, engadindo unha nova función do xeito que figura como Anexo IV á presente proposta.

Intervencións:

[https://videoplenu-](https://videoplenu-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/GeaemD6bdCG7mNYoqxW3oYb1cUaOYIIYFDE5OM4Dht4H4c74)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/GeaemD6bdCG7mNYoqxW3oYb1cUaOYIIYFDE5OM4Dht4H4c74](https://videoplenu-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/GeaemD6bdCG7mNYoqxW3oYb1cUaOYIIYFDE5OM4Dht4H4c74)

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DE OCIO NA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:
Que o equipo de goberno do Concello de Monforte de Lemos prepare un plan de mellora das

Concello de Monforte de Lemos

infraestructuras de ocio da cidade para que o seu uso por parte dos usuarios sexa máis amplo e en mellores condicións.

Intervencións:

<https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/4uwEsBTaVN56RyRwkRa86aduyIsXojQOAMwemo767eaHiLS8>

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA UN NOVO PLAN DIRECTOR DO CORREDOR ATLÁNTICO PARA EVITAR O ILLAMENTO DA PROVINCIA DE LUGO

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción: Concello de Monforte insta ao Goberno de España a presentar un novo Plan Director do Corredor Atlántico que evite o illamento da provincia de Lugo en materia de infraestructuras e que inclúa compromisos concretos, cifras detalladas e prazos definitivos para a execución de obras de mellora das infraestructuras viarias e ferroviarias de titularidade estatal incluíndo ademais a conexión real por Alta velocidade de cara a garantir as comunicacións, a competitividade e o desenvolvemento dos concellos da provincia de Lugo en igualdade de condicións a outros territorios.

Intervencións:

<https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/ritpLCaRWbNRVfICGzkuiZDFYGninIbA72sr7Ss1GX7CqQO>

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A POSTA EN MARCHA DE BOCAS DE REGO NAS PARROQUIAS

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal

Concello de Monforte de Lemos

Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

1. Elaborar un informe técnico sobre esta carencia, determinando as necesidades específicas de cada parroquia.
2. Dotar das bocas de auga necesarias aos lugares que o precisen

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/fSwzr63UibY7b3x5fVwLy0cgOJsGbqMcFZtKVx2D1seCvAvn)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/fSwzr63UibY7b3x5fVwLy0cgOJsGbqMcFZtKVx2D1seCvAvn](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/fSwzr63UibY7b3x5fVwLy0cgOJsGbqMcFZtKVx2D1seCvAvn)

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA SOLICITAR O APOIO Á MANIFESTACIÓN DA PLATAFORMA SOS SANIDAD PÚBLICA DO DÍA 6 DE ABRIL	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría ás reivindicacións da plataforma SOS Sanidade e traslado do acordo ao Consello Municipal de Saúde, con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do BNG, dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e do concelleiro do Grupo Municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto e catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

Transcríbese a proposta da moción:

1. Apoiar as reivindicacións da Plataforma SOS Sanidade Pública.
2. Instar ao goberno municipal a difundir a través dos medios ao seu alcace a Manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública do día 6 de abril en Compostela e a facer un chamamento ao conxunto da veciñanza para participe nela.

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/6taH6Q4xV58bpHPTWunX0TKH4gu09U29XymcY2lDy8mo3kKK)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/6taH6Q4xV58bpHPTWunX0TKH4gu09U29XymcY2lDy8mo3kKK](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/6taH6Q4xV58bpHPTWunX0TKH4gu09U29XymcY2lDy8mo3kKK)

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE-GRUPO MIXTO PARA REHABILITACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA MEDIEVAL	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Concello de Monforte de Lemos

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, tres votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Esperta Monforte e dos concelleiros do BNG e catro abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Popular.

Transcríbese a proposta da moción:

1. Acometer de forma inmediata as labores máis urxentes de limpeza e consolidación da muralla nas zonas máis críticas onde existen derrubes.

2. Incluir no orzamento do Concello unha partida de gasto, plurianual e específica, para o mantemento imprescindible da muralla.

3. Instar a todas as administracións (estatal, autonómica, provincial, municipal) a implicarse no financiamento dun Plan integral para rehabilitación e posta en valor da muralla e o seu entorno, aproveitando o xa existente Plan director que posúe a Xunta de Galicia, e as propostas que había na redacción inicial do PEPRCH de Monforte.

As entrevistas cos responsables das outras administración deberían realizarse por unha comisión municipal presidida polo sr. Alcalde, e con representación e apoio de todos os grupos municipais.

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/gwZoXwNlepZhQNBUqwlI04TvMYjbNkkIsCa hOS2xlZWCMka9)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/gwZoXwNlepZhQNBUqwlI04TvMYjbNkkIsCa hOS2xlZWCMka9](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/gwZoXwNlepZhQNBUqwlI04TvMYjbNkkIsCa hOS2xlZWCMka9)

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE-GRUPO MIXTO SOLICITANDO A DECLARACIÓN DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS LIBRE DE EUCALIPTOS E A PARALIZACIÓN DO PROXECTO ALTRI EN PALAS DE REI.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, tres votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Esperta Monforte e dos concelleiros do BNG e catro abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Popular.

Transcríbese a proposta da moción:

1. Que a Coporación de Monforte, ó igual que xa tomaron a decisión outros Concellos da Ribeira Sacra, declare o noso Concello libre de plantacións de eucaliptos.

2. Que a Corporación se dirixa o Goberno Galego, solicitando:
a.-A paralización inmediata da construción de Altri en Palas de Rei.

Concello de Monforte de Lemos

b.-A elaboración dunha lei de ordenación forestal coherente co que representa a nosa Galicia, onde primen os interés de benestar medioambiental por enriba dos especulativos.

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/pWbQCPqhbJXkQB4YFJtIPJ0K096EsRfA5X2pYxOjmigMWzL)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/pWbQCPqhbJXkQB4YFJtIPJ0K096EsRfA5X2pYxOjmigMWzL](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/pWbQCPqhbJXkQB4YFJtIPJ0K096EsRfA5X2pYxOjmigMWzL)

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (ART. 42.1 DO ROF). Datas das resolucións das que se da conta ao Pleno do 19.02.2025 ao 25.03.2025

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 19.02.2025 ao 25.03.2025.

INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA QUE LEVANTAN REPARO DE INTERVENCIÓN(12.03.2025 E 13.02.2025 ELEC)

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

DACIÓN DE CONTA APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO DO CONCELLO 2024

Dar conta do decreto 2025-0571 ó Pleno do informe de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto, de débeda pública con motivo da liquidación do orzamento do Concello de Monforte no exercicio 2024 emitido o 28 de febreiro de 2025 e remitir á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma

DACIÓN DE CONTA APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO IMD 2024

Dase conta do decreto 2025-0573 ó Pleno da Liquidación do orzamento do Instituto Municipal de Drogodependencias do Concello de Monforte de Lemos do exercicio 2024, e remitir á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma

DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DE PAGOS A XUSTIFICAR E DOS ANTICIPOS DE CAIXA FIXA, EXERCICIO 2024

Dase conta do Informe anual Intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar e dos anticipos de caixa fixa, do exercicio 2024, en virtude do establecido no apartado sexto do artigo 27.2 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Concello de Monforte de Lemos

DACIÓN DE CONTA DE INTERVENCIÓN GLOBAL REPAROS ANUALIDADE 2024 (ARTIGO 218 DO RDL 2/2024)

Dáse conta do informe de Intervención das resolucións contrarias ós reparos formulados pola Intervención xeral municipal. Anualidade 2024, de acordo co artigo 218 do RDL 2/2024.

DACIÓN DE CONTA PLANS ORZAMENTARIOS 2026-2027-2028.

Dación de conta do decreto 2025-0674 de aprobación dos dos plans orzamentarios 2026-2028 do Concello de Monforte de Lemos a nivel consolidado segundo os cadros anteriores (inclúe o Instituto Municipal de Drogodependencias).

C) ROGOS E PREGUNTAS

Intervencións: